

**ANEXO II. FORMULARIO PARA A PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach**

<b>COORDINADOR/A STEMBACH DA ESCOLA DE ENXENERÍA INDUSTRIAL:</b>	
NOME: MARIA GLORIA FIESTRAS JANEIRO	
ENDEREZO ELECTRÓNICO: fiestras@uvigo.es	TELÉFONO: 986 813 496
<b>PROFESORADO INVOLUCRADO:</b>	
NOME: ESTRELLA ALVAREZ DA COSTA	
ENDEREZO ELECTRÓNICO: ealvarez@uvigo.es	TELÉFONO: 986 812 213
<b>Nº DE ESTUDANTES PARTICIPANTES (Máx.4): 4 alumnos/grupo</b>	

**TÍTULO DO PROXECTO:**

Deseño dun experimento para a análise da presenza de microplásticos nos produtos cosméticos

**RESUMO:**

A presenza de microplásticos nas augas procedentes das EDAR que se verten ao mar é unha realidade. Este feito é debido a que estes compostos, debido ao seu pequeno tamaño e natureza diversa, son difíciles de eliminar nos tratamentos estándar das depuradoras. Neste senso é importante ter unha idea da efectividade dos mesmos en relación coa redución dos microplásticos nas augas residuais para, en vista dos resultados acadados, propoñer posibles modificacións.

**OBXECTIVO:**

Ante a dificultade de obter mostrar reais de augas residuais procedentes dunha EDAR, propónse facer no laboratorio augas residuais, a partires de cosméticos e produtos de limpeza que conteñen micropartículas, e sometelas a algúns dos métodos de tratamento dunha EDAR. Deste xeito poderase comparar a eficacia dun mesmo método para as distintas augas xeradas e comprobar as mellores condicións de traballo en cada caso.

**PLAN DE TRABALLO:**

- Procura bibliográfica sobre a normativa e a metodoloxía a seguir na análise das augas residuais
- Selección dos produtos a empregar na xeración das augas residuais no laboratorio e establecementos dos ensaios a realizar.
- Realización da parte experimental nun laboratorio da Escola de Enxeñería Industrial da UVIGO. Faranse os seguintes ensaios: Medida da tensión superficial, condutividade, dureza e turbidez, Determinación da DQO e da cantidade de Sólidos en Suspensión e ensaio de coagulación-floculación para determinar as mellores condicións de traballo.
- Análise dos resultados acadados e establecemento de conclusións.
- Redacción da memoria do proxecto e exposición pública do traballo feito

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:**

- Visita guiada por los diferentes laboratorios de investigación del MTI